



CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Asunto: publicación da sentenza firme estimatoria nº 299/2023 ditada no procedemento ordinario 15715/22 promovida por Red Eléctrica España SAU.

Faise saber que no Recurso Contencioso-Administrativo nº 15715/22 no procedemento ordinario nº 15715/2022, promovido por Red Eléctrica España S.A.U., contra a Ordenanza Fiscal do Concello de Castroverde, reguladora da "taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos", publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 181, de 9 de agosto de 2022, ditouse polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo, Sección Cuarta, sentenza Nº 299/23 en 23 de maio, que alcanzou o carácter de firme e cuxo fallo é do teor literal seguinte:

PONENTE: D^a. María Pérez Pliego

A sección 004 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pronunciou o seguinte

SENTENCIA

Ilmos./as. Sres./as. D./D^a

D.^a María Dolores Rivera Frade - Presidenta

D. Juan Selles Ferreiro

D. Fernando Fernández Leiceaga

D.^a María Pérez Pliego

D.^a María del Carmen Núñez Fiaño

A Coruña, vinte tres de maio de dous mil vinte e tres.

No recurso contencioso-administrativo número 15715/22, interposto pola entidade "RED ELÉCTRICA DE ESPAÑA SAU", representada pola procuradora D.^a Amalia Mosquera Herrero.

É poñente o Ilma. Sra. Dña. María Pérez Pliego quen expresa o parecer do Tribunal.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Admitido a trámite o presente recurso contencioso-administrativo, practicáronse as dilixencias oportunas e, recibido o expediente, deuse traslado do mesmo á parte recorrente para deducir a oportuna demanda, o que se fixo a medio de escrito no que, en síntese, tras expoñer os feitos e fundamentos de Dereito que se estimaron pertinentes, acabouse suplicando que se ditase sentenza declarando non axustada a Dereito a resolución impugnada en este procedemento.

SEGUNDO.- Pola resolución de data 13/01/2023, deuse traslado para contestar á demanda ao Letrado dos Servizos Xurídicos da Deputación Provincial de Lugo en nome e representación do Concello de Castroverde, habéndose presentado conforme ao art. 75 da LJCA, escrito de allanamiento á demanda no prazo previsto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- De conformidade co establecido en número 1 do artigo 75 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativo, os demandados poderán achandarse cumprindo os requisitos exixidos no número 2 do artigo anterior, é dicir, que sexa ratificado o que o representante en xuízo este autorizado para elo, o que ocorre no presente suposto.

SEGUNDO.- Como di o número 2 do artigo 75 citado, producido o allanamiento, o Tribunal ditará, sen máis trámites sentenza de conformidade coas pretensións do demandante, salvo se supuxese infracción manifesta do

ordenamento xurídico, o que non ocorre neste caso, polo que formulada tal pretensión pola parte demandada no escrito 7.02.2023, debemos ditar sentenza recoñecéndoo así, non estimándose procedente a imposición de costas, conforme establece o artigo 139 LJCA.

FALLO

Por todo o exposto, en nome do Rei, pola autoridade que lle confire a Constitución, esta sala decidiu:

Notifíquese a presente sentenza ás partes, facéndolles saber que contra ela pode interpoñerse recurso de casación ante a Sala Terceira do Tribunal Supremo. Dito recurso haberá de prepararse ante a Sala de instancia no prazo de trinta días, contados dende o seguimento ao da notificación da resolución que se recorre, no escrito no que, dando cumprimento aos requisitos do artigo 89 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, tómese en consideración o disposto no punto III do Acordo da Sala de Goberno do Tribunal Supremo de data 20 de abril de 2016, sobre extensión máxima e outras condicións extrínsecas dos escritos procesales referidos ao recurso de casación (BOE de 6 de xullo de 2016).

Así acordase e firmase.

O que en cumprimento do disposto no artigo 107 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativo (LJCA), faise público para xerar coñecemento.

Castroverde, 26 de febreiro de 2024.- O ALCALDE, Xosé María Arias Fernández.

R. 0571

LUGO

Anuncio

8/49 DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO TENENTE DE ALCALDESA - DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS PARA A RESOLUCIÓN DE TODOS OS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS EN RELACIÓN COA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DE REPARACIÓNS E TRABALLOS DE APOIO NA REPARACIÓN DE AVARIÁS NA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DO CONCELLO DE LUGO EXPTE. REF. 2024/C003/000007.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral, adscrita ao Servizo de Contratación e Patrimonio, do 19 de febreiro de 2024, na parte expositiva do cal se fai constar:

“En data 19 de febreiro de 2024 o Tenente de Alcaldesa - Delegado da Área da Transición Ecolóxica, emitiu a seguinte proposta:

“O pasado 8 de novembro de 2023 rematou o contrato da prestación do servizo de execución de reparacións e traballos de apoio na reparación de avarías na rede de abastecemento de auga do concello de Lugo. EXP. REF: 2020/C003/000007

Neste momento a Brigada Municipal non conta cos medios necesarios para solucionar as avarías e problemas que se detectan na rede de abastecemento de auga polo que é necesaria unha nova contratación deste servizo, para o cal a unidade xestora está preparando os novos pregos técnicos a tal efecto.

Dada a imprevisibilidade das avarías e fugas e a necesidade de dar resposta rápida - dado que o abastecemento de auga é un servizo esencial - é preciso acelerar a tramitación do expediente de contratación; para o cal resulta conveniente que se delegue a competencia para a adopción de tódolos actos administrativos, tanto definitivos como de trámite, no Tenente de Alcaldesa - Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, o Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva. ”

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Delegar as competencias no Tenente de Alcaldesa - Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos para a resolución de todos o actos de trámite e resolutivos da CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DE REPARACIÓNS E TRABALLOS DE APOIO NA REPARACIÓN DE AVARIÁS NA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DO CONCELLO DE LUGO EXPTE. REF. 2024/C003/000007

SEGUNDO.- Publicar no boletín Oficial da Provincia de Lugo a delegación da competencia.

TERCEIRO.- Notificarlles esta resolución a todos os interesados e dependencias municipais afectadas.

Lugo, 21 de febreiro de 2024.- O TENENTE DE ALCALDESA – DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, Pablo Permuy Villanueva.

R. 0572

OUROL

*Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto de Alcaldía número 2024-0030, de 2 de febreiro de 2024, prestouse aprobación inicial ao **Padrón fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de XANEIRO de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de tres mil seiscientos setenta e seis euros con setenta e un céntimos (3.676,71 €), correspondendo mil seiscientos cincuenta e sete euros con setenta e un céntimos (1.657,71 €) a dependencia e dous mil dezanove euros (2.019,00 €) a libre concorrência.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 5 de febreiro de 2024.- O Alcalde – Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0573

SOBER

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2024**

Despois de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2024, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 29 de febreiro de 2024, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de 3.344.414,18 €, correspondendo a cada capítulo as cantidades que se expresan a continuación:

ESTADO DE GASTOS		ESTADO DE INGRESOS	
Cap. 1.- Gastos de persoal	1.360.517,48 €	Cap. 1.- Impostos indirectos	812.976,80 €
Cap.2.-Gastos en bens correntes e de servizos	972.141,44 €	Cap.2.- Impostos indirectos	35.000,00 €
Cap. 3.- Gastos financeiros	1.400,00 €	Cap. 3.- Taxas e outros ingresos	328.500,00 €
Cap. 4.- Transferencias correntes	63.815,00 €	Cap. 4.- Transferencias correntes.	1.429.011,12 €
Cap. 5.- Fondo de contingencia y otros imprevistos	14.566,59 €	Cap. 5.- Ingresos Patrimoniais	23.026,00 €

Cap. 6.- Invetimentos reais	923.790,43 €	Cap. 6.- Alleamento de investimentos reais	- €
Cap. 7.-Transferencias de capital	- €	Cap. 7.-Transferencias de capital	715.900,26 €
Cap. 8.- Activos financeiros	- €	Cap. 8.- Activos financeiros	- €
Cap. 9.- Pasivos financeiros	8.183,24 €	Cap. 9.- Pasivos financeiros	- €
TOTAL GASTOS	3.344.414,18 €	TOTAL INGRESOS	3.344.414,18 €

Na referida sesión tamén se acordou aprobalo cadro de persoal, que, de acordo co que se preceptúa no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, reproducése a continuación:

CADRO DE PERSOAL:

PERSOAL FUNCIONARIO

- 1 Secretaría- Intervención.
- 1 administrativo/a.
- 1 auxiliar administrativo/a.

PERSOAL LABORAL:

1.- PERSOAL LABORAL FIXO:

- 1 bibliotecario/a
- 2 operarios servizos múltiples
- 1 operario depuradora-potabilizadora
- 1 operario limpeza
- 1 axente de emprego e desenrolo local
- 1 traballador/a social
- 1 educador/a de familia
- 1 orientador/a laboral
- 1 animador/a sociocultural

2.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

- 1 traballador/a social
- 4 auxiliares de axuda a domicilio

3.- PRAZAS OBXETO DE PROCESO DE CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO QUE PASARÁN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A PERSOAL LABORAL FIXO AO REMATE DO CITADO PROCESO:

- 1 director/a banda de música
- 1 director/a escola de música
- 6 profesores/as escola de música
- 2 profesores/as PAI
- 1 educador/a infantil PAI
- 12 auxiliares de axuda a domicilio

Sober, 1 de marzo de 2024.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0615

TRABADA*Anuncio***INFORMACION PÚBLICA DO PADRÓN DE AUGA DO 6º BIMESTRE DE 2023**

Por Resolución da Alcaldía núm. 2024-0079 do 21 de febreiro de 2024, resólvese a aprobación da Taxa polo abastecemento domiciliario de auga correspondente ao 6º bimestre de 2023, expoñéndose ao público polo prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

De conformidade co artigo 102.3 la Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria esta publicación ten o carácter de notificación colectiva, podendo as persoas interesadas examinar o expediente e presentar os seguintes recursos:

- O recurso de reposición no prazo de 1 mes dende a publicación do presente anuncio, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de 1 mes, transcurrido o cal entenderase desestimado.
- Contra a resolución do recurso de reposición, poderase interponer o recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei reguladora da referida xurisdición.
- A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes.

Os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas, fixando como período de cobro voluntario do 01 de marzo de 2024 ata ó 01 de maio de 2024.

Finalizado o exercicio procederase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda.

Trabada, 26 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Rubén García Freije.

R. 0574

VIVEIRO*Anuncio***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Dª. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de

emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan tres prazas de “PROFESOR/A PIANO”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de tres prazas de “PROFESOR/A PIANO” funcionario de carreira.

Vista a base xeral 8.1, que sinala “(...) **Lista provisional.-** Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución declarando a lista provisional de admitidos e excluídos

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están admitidos ou excluídos e exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega., así como no seu caso, os defectos a subsanar. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión e si esta é subsanable...”

Visto que segundo o disposto no punto 8.2 da base xeral, o prazo de subsanación será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 5 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 6 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 8 da base xeral.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO SELECTIVO DE TRES PRAZAS DE PROFESOR/A PIANO

A) ADMITIDOS:

Nº	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	ARGIBAY LIGERO MARÍA MAGDALENA	EXENTA
2	BERMÚDEZ GUERREIRO CÉSAR ÁNGEL	EXENTA
3	SOTO MOSQUERA RAQUEL	EXENTA
4	TRAVIESO FERNÁNDEZ PLÁCIDO	EXENTA
5	VARELA BELLO MANUEL	EXENTA

B) EXCLUÍDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	PROBA DE GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	PRADO MARTÍNEZ ROBERTO	EXENTA	Non cumprimentar debidamente o Anexo II (Base Xeral pto. 5.4): “(...) Cumprimentación. A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente, no modelo Anexo II das presentes bases” e segundo se establece nas mesmas.(..)” (Pode ser obxecto de subsanación)
2	GOBERNA GARCÍA PATRICIA	NO EXENTA (Prazo de 10 días hábiles para subsanación)	Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión do DNI e titulación académica esixida (Base Xeral pto. 6 a) e 6 b) e base Específica 5.1) “(...) a) Copia cotexada ou copia auténticada

	<p>segundo punto 4 f) bases xerais e punto 5.2 das bases específicas, deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica, que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.)</p>	<p><i>do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente. (...)</i></p> <p><i>b) Copia cotexada ou copia auténtica da Titulación académica esixida nas bases específicas de cada convocatoria, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtela...” Título Superior de Piano; Título de Profesor/a Superior ou de Profesor/a de Piano (Plan de 1966); Título Profesional de Piano (Plan de 1942). (...)</i></p> <p>(Pode ser obxecto de subsanación)</p>
--	--	---

A publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que podan emendarse as deficiencias que en cada caso se indiquen. Esta lista provisional tamén se publicará no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es), web municipal e taboleiro de anuncios físico do Concello.

SEGUNDO.- Vista a documentación presentada polos aspirantes para a acreditación de méritos e detectado que nalgúns supostos a documentación non cumpre cos requisitos establecidos nas bases para poder ser tida en conta (copia cotexada ou auténtica), resultando posible a súa subsanación, requírese ao seguinte aspirante para que subsane os méritos aportados mediante a copia auténtica ou cotexada, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación desta lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

APELIDOS E NOME	SUBSANACIÓN
ARGIBAY LIGERO MARÍA MAGDALENA	Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados, copia cotexada ou auténtica.
GOBERNA GARCÍA PATRICIA	Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica, que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.

Advertese que a non subsanación dos méritos aportados sen cumprir cos requisitos previstos nas bases determinará que os mesmos non sexan obxecto de valoración.

Contra esta resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Mándoo e asínoo.

Viveiro, 26 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa-Presidenta, D^a María Loureiro García.

R. 0575

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de **“PROFESOR/A DE LINGUAXE MUSICAL”**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“PROFESOR/A DE LINGUAXE MUSICAL”** funcionario de carreira.

Vista a base xeral 8.1, que sinala *“(…) **Lista provisional.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución declarando a lista provisional de admitidos e excluídos***

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están admitidos ou excluídos e exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega., así como no seu caso, os defectos a subsanar. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión e si esta é subsanable...”

Visto que segundo o disposto no punto 8.2 da base xeral, o prazo de subsanación será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 5 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 6 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 8 da base xeral.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO SELECTIVO DE UNHA PRAZA DE PROFESOR/A DE LINGUAXE MUSICAL

A) ADMITIDOS:

Nº	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	LACAMBRA PANO VANESA	EXENTA
2	RICO LOJO MARTA	EXENTA

B) EXCLUÍDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	PROBA DE GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	ÁLVAREZ RODRÍGUEZ PATRICIA	EXENTA	<p>Non cumprimentar debidamente o Anexo II (Base Xeral pto. 5.4): "(...)Cumprimentación. A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente, no modelo Anexo II das presentes bases" e segundo se establece nas mesmas.</p> <p>(Pode ser obxecto de subsanación)</p> <p>Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión da titulación académica esixida (Base Xeral pto. 6 b) e base Específica 5.1) "(...)"</p> <p>b) Copia cotexada ou copia auténtica da Titulación académica esixida nas bases específicas de cada convocatoria, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtela..." "(...) Título Superior de Pedagogía Musical, Título de Profesor/a Superior de Profesor/a ou de Profesor/a de Solfeo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento (Plan de 1966). Segundo o establecido no Real Decreto 303/2010, do 15 de marzo e a Circular 6/2012 da Dirección Xeral da Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se determina as titulacións mínimas esixibles para impartición da ensinanzas regradas de música nos Conservatorios de Música non dependentes da Consellería de Cultura, de Educación e Ordenación Universitaria e nos centros autorizados. ..."</p> <p>(Falta aceditación da especialidade)</p> <p>(Pode ser obxecto de subsanación)</p>
2	FRANCO JUIZ JAVIER	EXENTA	<p>Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión da titulación académica esixida (Base Xeral pto. 6 b) e base Específica 5.1) "(...)"</p> <p>b) Copia cotexada ou copia auténtica da Titulación académica esixida nas bases específicas de cada convocatoria, ou documentación acreditativa de estar en</p>

			condicións de obtela...” “(...) Título Superior de Pedagogía Musical, Título de Profesor/a Superior de Profesor/a ou de Profesor/a de Solfeo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento (Plan de 1966). Segundo o establecido no Real Decreto 303/2010, do 15 de marzo e a Circular 6/2012 da Dirección Xeral da Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se determina as titulacións mínimas esixibles para impartición da ensinanza regrada de música nos Conservatorios de Música non dependentes da Consellería de Cultura, de Educación e Ordenación Universitaria e nos centros autorizados. ...” (Falta acreditación da especialidade) (Pode ser obxecto de subsanación)
3	TORRE GARCÍA DIMAS	EXENTA	Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión da titulación académica esixida (Base Xeral pto. 6 b) e base Específica 5.1) “(...)” b) Copia cotexada ou copia auténtica da Titulación académica esixida nas bases específicas de cada convocatoria, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtela...” “(...) Título Superior de Pedagogía Musical, Título de Profesor/a Superior de Profesor/a ou de Profesor/a de Solfeo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento (Plan de 1966). Segundo o establecido no Real Decreto 303/2010, do 15 de marzo e a Circular 6/2012 da Dirección Xeral da Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se determina as titulacións mínimas esixibles para impartición da ensinanza regrada de música nos Conservatorios de Música non dependentes da Consellería de Cultura, de Educación e Ordenación Universitaria e nos centros autorizados. ...” (Falta acreditación da especialidade) (Pode ser obxecto de subsanación)

A publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que podan emendarse as deficiencias que en cada caso se indiquen. Esta lista provisional tamén se publicará no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es), web municipal e taboleiro de anuncios físico do Concello.

Contra esta resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Mándoo e asínoo.

Viveiro, 26 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa-Presidenta, D^a María Loureiro García.

R. 0576

*Anuncio***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Vista a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo N.º 272, do 27 de novembro de 2023, do anuncio da devandita Resolución de Alcaldía, relativa á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de “**TRABALLADOR/A SOCIAL**”, que sinala:

“(…)A) ADMITIDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	ALVAREZ CERNADAS LETICIA	EXENTA
2	ARRIZADO BASANTA LAURA	EXENTA
3	ATADELL GARCIA SONIA	EXENTA
4	CHAO VIDAL NURIA	EXENTA
5	GARCIA BASANTA MARÍA CRISTINA	EXENTA
6	GARCÍA LÓPEZ EMMA	EXENTA
7	GARCÍA PARAPAR CRISTINA	EXENTA
8	GONZALEZ REGO ALMUDENA	EXENTA
9	MARTÍNEZ NEIRA ANA MARÍA	EXENTA
10	PEREIRO SORDO BEATRIZ	EXENTA
11	REDONDAS VALLEJO MARÍA JOSÉ	EXENTA
12	RODRIGUEZ LÓPEZ OSCAR JOSÉ	EXENTA
13	SANCHEZ MARIÑA EVA MARÍA	EXENTA
14	SÁNCHEZ RODRÍGUEZ ANA ISABEL	EXENTA

B) EXCLUÍDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	PROBA DE GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	BARREIRA GOAS MARIA XOSÉ	NON EXENTA (Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) bases xerais e punto 5.2 das bases específicas, deberá	Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión do DNI e titulación académica esixida (Base Xeral ptos. 6 a) e 6 b) e base Específica 5.1) “(...) a) Copia cotexada ou copia

Nº	APELIDOS E NOME	PROBA DE GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
